

FeSP ESIXE UN NOVO CONTRATO DE RELEVO E XUBILACIÓN PARCIAL AOS 61 ANOS DO PERSOAL LABORAL, FUNCIONARIO E ESTATUTARIO

As **traballadoras e traballadores de todos os sectores produtivos viron recortadas** as súas **condicións de acceso á xubilación parcial** dunha forma moi negativa tras a publicación do **Real Decreto Lei 5/2013** que cambiaba as condicións de acceso á xubilación parcial. No obstante, e **gracias á sinatura de Convenios nas Empresas** -á que se refire a Disposición Transitoria cuarta apartado 5 da Lei Xeral da Seguridade Social-, **pódese seguir aplicando** a lexislación anterior, pero **unicamente ata o 31 de decembro de 2018**.

UGT leva moito tempo defendendo un contrato de relevo que sirva como ponte á xubilación, que xere oportunidades as persoas desempregadas e que sirva para renovar os cadros de persoal dependente de todas as Administracións públicas.

A este respecto, é necesario engadir que o pasado día **31 de xullo**, a **Unión General de Trabajadores** na **reunión do Diálogo Social** que se mantivo co Goberno central, xa adiantou cal é a súa posición respecto ao contrato relevo. A posición da nosa organización é que **a normativa para esta modalidade de contratación, sexa xeneralizada para todos os colectivos profesionais.**

Calquera medida que se tome para unir forzas pode ser interesante, pero non se pode deixar de sinalar que a xubilación parcial non se pode defender desde **unha recollida de sinaturas sectorial. É totalmente ineficaz utilizar un mecanismo voluntarioso deste tipo cando este tipo de negociacións se realizan noutros foros nos que si que está UGT, que son onde se pode premer ao Goberno para que o modifique.**

PROPOSTAS da FeSP-UGT

As nosas propostas: facer posible normativamente a xubilación parcial do persoal funcionario e estatutario; e xeneralizala nos convenios ou dar continuidade si se contemplaba, para o persoal laboral:

CLASE DE PERSONAL	MODIFICACIÓNS SITUACIÓN NORMATIVA
FUNCIONARI@ RGSS	Contemplar no art.67. Modificar o RD 1131/2002
FUNCIONARI@ CLASES PASTIVAS	Contemplar no art.67. Modificar o art. 28 do RD Lexislativo 670/1987
ESTATUTARIO	Referir no art. 215 LGSS o art. 26.4 EM. Modificar o RD 1131/2002
LABORAL	Art. 215 LGSS. Art. 12.6 ET, RD 1131/2002 e Segundo cada Convenio.

Cuestións comúns a todo o persoal empregada ou empregado público

Por seguridade xurídica, a lo menos, sería conveniente abordar as seguintes **iniciativas**:

- **Articular normativamente a figura do persoal funcionari@/estatutario relevista.**
- **Dito persoal non compute a efectos de taxa de reposición de efectivos.**
- **O coste de dito persoal non sexa computable a efectos de cuantificar a masa salarial.**
- **Modificar a Lei 53/1984 de Incompatibilidades (art. 3), facendo extensivo ao persoal funcionari@ e estatutario, o xa previsto para o persoal laboral: "será compatible a pensión de xubilación parcial cun posto de traballo a tempo parcial". E permitindo a compatibilidade da actividade desenvolta a tempo parcial polo relevista, con outro posto de traballo, si se dan o resto de requisitos previstos en la Lei.**

FeSP-UGT seguiremos esixindo ao Goberno que rectifique os recortes aplicados á xubilación parcial con contrato de relevo durante os anos de crise, que RESTITUA este DEREITO e extenda a súa aplicación o persoal laboral, funcionario e estatutario.

HAI QUE REPARAR O DANO